

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA A CONMEMORACIÓN DOS 50 ANOS DA ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ortigueira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ortigueira para conmemorar os 50 anos da Escola de Gaitas de Ortigueira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. A Escola de Gaitas de Ortigueira fundouse no ano 1975 e foi unha precursora de moitas iniciativas culturais e relacionadas coa música tradicional: a creación da primeira escola de zanfoñas, pitos e requintas do norte de Galicia, e a creación do Festival Internacional do Mundo Celta, obradoiros de gaitas e instrumentos tradicionais.

Ademais, a Escola foi quen de acercar a nosa cultura ao pobo, de promover e difundir a cultura tradicional galega a poboación de todas as idades, así como a convivencia entre a veciñanza da comarca do Ortegal e de toda Galicia, mediante o eixe vertebrador da música tradicional galega e en colaboración con colectivos que forman parte do tecido social e asociativo. O Concello de Ortigueira promove a participación social dos cidadáns a través do apoio ao asociacionismo de todo tipo, pero especialmente daquelas asociacións que significáronse polo apoio a cultura galega.

Por todo o anterior, o concello de Ortigueira é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

